



1) Nun fertilizante, cales son os elementos minerais máis importantes?:

- a) Cobre (Cu), Xofre (S).
- b) **Nitróxeno (N), Fósforo (P), Potasio (K).**
- c) Níquel (Ni), Cadmio (C), Selenio (S).
- d) Ningunha resposta é correcta.

2) Que se entende por "vía de saca":

- a) É unha vía urbana de comunicación de turismos.
- b) **Vía habilitada como consecuencia de actuación imprescindible para a extracción ou o arrastre da madeira desde o lugar de apeo ata o cargadoiro ou a pista forestal.**
- c) É un camiño de ferro.
- d) Nos traballos forestais non existe esa denominación.

3) Que se entende por "rareo":

- a) O apeo de todo o arboredo nunha plantación de mimosas.
- b) Actuación de eliminar todo o arboredo nunha masa forestal.
- c) Actuación de rozar xestas.
- d) **A diminución da densidade do arboredo, da cal non se obtén aproveitamento comercial.**



4) As rozas nas masas forestais:

- a) Diminúen a carga de combustible.
- b) Melloran o estado fitosanitario das masas forestais.
- c) Melloran o desenvolvemento das especies forestais principais.
- d) **Todas respostas anteriores son correctas.**

5) As podas teñen por finalidade:

- a) Diminuír a calidade da madeira.
- b) Decorar mellor as árbores.
- c) Prexudicar o estado fitosanitario da árbore.
- d) **Ningunha das respostas anteriores é correcta.**

6) As rozas preventivas poden ser de diversos tipos:

- a) Faixas devasas.
- b) Faixas compresivas.
- c) Área de devasa.
- d) **As respostas a) e c) son correctas.**

7) Sinale a resposta incorrecta. Nos traballos de forestación, o manexo da planta a raíz núa:

- a) Debe evitarse o contacto da raíz co aire.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Peón
Posto: Peón

Fase de oposición

- b) Debe manterse nun lugar á sombra e con humidade.
- c) **As plantas deberán poñerse ao sol.**
- d) Procurarase que dispoña dun bo sistema radicular.

8) O sinalamento dos pés que van ser obxecto de aproveitamento é unha operación:

- a) En ningún caso se leva a cabo esa tarefa pois tárdase moito tempo.
- b) Posterior ao aproveitamento.
- c) Que se debe facer cando chove.
- d) **Previa ao aproveitamento.**

9) Os tractores de cadeas empréganse principalmente para:

- a) Pistas forestais.
- b) Preparación do terreo.
- c) Cortalumes.
- d) **Todas as anteriores son correctas.**

10) Nas repoboacións de montes galegos, está prohibido:

- a) Utilizar planta micorrizada.
- b) Realizar sementeira directa de semente.
- c) Utilizar planta maior de 30 cm.
- d) **Ningunha das anteriores é correcta.**



11) Cando nun monte se opta polo rexenerado natural:

- a) Utilizaranse especies arbóreas en contedor máis axeitadas compradas nas feiras da zona.
- b) Recorrerase á fertilización en todos os casos.
- c) Endexamais se pode levar a cabo tal cousa.
- d) **Evitarase extraer piña en cantidade excesiva que reduza a cantidade de semente necesaria e trituraranse os restos para o seu espallamento e diseminación.**

12) Como se define un tratamento silvícola?:

- a) Actuación para restaurar unha vía pecuaria.
- b) **Actuacións forestais que tratan da conservación, mellora, aproveitamento ou rexeneración natural das masas arboradas ou, de ser o caso, da restauración.**
- c) Actuación que se leva a cabo nunha selva.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

13) Que se entende por reforestación:

- a) A técnica de venta de planta en viveiros forestais.
- b) **A reintrodución de especies forestais, mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas**



recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

- c) A reintrodución de especies cinexéticas nun monte.
- d) A reintrodución de especies froiteiras e de horta nun monte.

14) En canto ao manexo de planta a raíz núa:

- a) Sempre debe quedar pechada na pick up para que non a rouben.
- b) **Debe manterse nun lugar á sombra e con humidade.**
- c) Para evitar a propagación de fungos, deberase poñer ao sol.
- d) Antes de plantala hai que lle cortar a punta da raíz e máis o ápice aéreo.

15) Que se entende por "corta de policía" ?:

- a) Cortas que leva a cabo a policía local.
- b) **Cortas de mellora que afectan só o arboredo seco, enfermo ou danado.**
- c) Cortas que levan a cabo os bombeiros nas capitais de provincia.
- d) Cortas que levan a cabo os axentes forestais coas súas propias motoserras.

16) O aburatemento manual:

- a) Está prohibido na actualidade.
- b) Faise con bulldózer.
- c) Faise con retroaraña.



- d) **É unha técnica de preparación do solo para realizar despois unha plantación.**

17) Un tractor de rodas pode circular pola vía pública:

- a) Sempre, en todos os casos.
- b) **Só se está matriculado.**
- c) Nunca, endexamaís.
- d) Só se está tramitado un permiso especial na Garda Civil.

18) En relación coa tensión da cadea na motoserra:

- a) Vén montada de fábrica.
- b) **Ao tirar da cadea, ningún dente debe sobresaír da guía da espada máis da súa punta.**
- c) Debe quedar frouxa para que funcione mellor.
- d) Regúlase segundo o costume do usuario.

19) Cal sería o accesorio máis axeitado da motorrozadoira manual para triturar restos e roza de silveiras e matogueira densa?

- a) Carrete de fío.
- b) Cadeas.
- c) Serra circular.
- d) **Disco de dúas puntas e palas.**

20) O engraxado da motorrozadoira manual lévase a cabo:

- a) Na buxía.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Peón
Posto: Peón

Fase de oposición

- b) No filtro de aire.
- c) **No cabezal, desmontando periodicamente o mesmo ou a través dun parafuso.**
- d) No elemento de corte.

21) A profundidade que debe acadar un subsolador é:

- a) 0,5 centímetros.
- b) 5 centímetros.
- c) **50 centímetros.**
- d) 500 centímetros.

22) As procesadoras e os autocargadores son...:

- a) Tractores gandeiros adaptados a mesturar o silo das vacas.
- b) Tractores agrícolas adaptados a recoller o centeo.
- c) **Tractores forestais adaptados a desenvolver traballos específicos nos aproveitamentos forestais.**
- d) Máquinas que se usan nos sequeiros de piñas.

23) Cal é o tipo de motor máis frecuentemente empregado nas motoserras usadas en traballos forestais?:

- a) Gasóleo.
- b) **Gasolina de 2 tempos.**
- c) Gasolina de 4 tempos.
- d) Ningún dos anteriores.



24) Os eixos das rozadoiras de cadeas son:

- a) Non teñen eixos.
- b) Non existen as rozadoiras de cadeas.
- c) **Verticais.**
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

25) Cal é a función do engraxado da cadea da motoserra?:

- a) Pasar o tempo sen que o vexa o xefe de brigada.
- b) Evitar que patine.
- c) **Evitar o sobrequecemento.**
- d) Mellorar o consumo.

26) Na mestura de combustible e aceite máis frecuentemente utilizada polas motorrozadoiras manuais, cal é a % de aceite a empregar?:

- a) **2%.**
- b) 22%.
- c) 32%.
- d) 42%.

27) As potencias dos motores dos tractores máis frecuentemente empregados en traballos forestais:

- a) Son menores de 10 CV.
- b) Sempre ten que ser maior de 10.000 CV.
- c) **Están entre 100 e 250 CV (75 e 180 kW).**
- d) Son coma as das motoserras eléctricas.



28) Os tractores de cadeas empréganse principalmente en traballos forestais para:

- a) Rozas en xardinería.
- b) Esparexer parasitoides.
- c) **Cortalumes.**
- d) Botar esterco.

29) A diferenza entre un autocargador e un arrastrador é:

- a) Non existe ningunha diferenza, pois é a mesma máquina.
- b) **O arrastrador arrastra os troncos mediante cables ou pinzas, mentres que o autocargador carga e transporta madeira.**
- c) Os autocargadores son tamén chamados retroarañas.
- d) Non existen os autocargadores.

30) Que se entende por produtos fitosanitarios?:

- a) **Substancias activas e os preparados que conteñan unha ou máis substancias activas presentados na forma en que se ofrecen para a súa distribución aos usuarios.**
- b) Preparados domésticos destinados a protexer a estabulación.
- c) Substancias activas e os preparados destinados a protexer os animais ou produtos de orixe animal para o control de aspectos zosanitarios.
- d) Ningunha resposta é correcta.



31) Que é o trampeo?:

- a) Un método de erradicación total de especies invasoras.
- b) Un método terapéutico químico.
- c) **Un método preventivo que persegue o control de poboacións.**
- d) Un método terapéutico físico.

32) A loita contra o cancro do castiñeiro lévase a cabo:

- a) **Inoculando cepas hipovirulentas nos pés danados.**
- b) Apeando as árbores afectadas.
- c) Non existe tratamento posible.
- d) Escollendo as follas afectadas.

33) A avespiña do castiñeiro (*Dryocomus kuriphilus*):

- a) Produce a seca instantánea do carballo.
- b) Produce a seca das raíces do carballo.
- c) É exclusiva da zona mediterránea.
- d) **Ningunha das respostas é correcta.**

34) A tinta do castiñeiro (*Phytophthora cinmamomi*) está causada por:

- a) **Un fungo.**
- b) Só ataca en planta de viveiros.



Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

Categoría: Peón
Posto: Peón

Fase de oposición

- c) Un virus.
- d) Non ataca ao castiñeiro.

35) O nematodo do piñeiro (*Bursaphelenchus xylophilus*) transmítese por:

- a) Co vento.
- b) **Un insecto.**
- c) Só ataca aos carballos.
- d) Non ataca o piñeiro.

36) O gorgullo do eucalipto (*Gonipterus spp*) é:

- a) **Unha praga.**
- b) Unha enfermidade.
- c) Unha virose.
- d) Un veneno.

37) Que afeccións máis graves afectan ao castiñeiro en Galicia?:

- a) A avespa do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*).
- b) A enfermidade do cancro (*Cryphonectria parasitica*).
- c) **As respostas a) e b) son correctas.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



38) A loita contra o gorgullo do eucalipto (*Gonipterus spp*) pode levarse a cabo mediante:

- a) Cargadoras de aire comprimido.
- b) **Loita biolóxica.**
- c) Non ten tratamento.
- d) Ningunha é correcta.

39) Cal dos seguintes elementos serve para a aplicación dos produtos fitosanitarios mediante a pulverización de líquidos?:

- a) Escopeta de perdigóns.
- b) **Mochilas.**
- c) Corta de bolsóns.
- d) Camión dúmper.

40) Un método preventivo de control de pragas usado habitualmente no ámbito forestal é:

- a) Aburatemento manual.
- b) Rega abundante.
- c) **Podas e rareos (*clareos*).**
- d) Enxertos a feito nunha masa forestal.



41) Cal das seguintes respostas non se pode considerar como un axente nocivo nunha plantación forestal?:

- a) **Vixilancia periódica.**
- b) Pragas causadas por animais (artrópodos, nematodos, vertebrados...).
- c) Alteracións nutricionais do solo.
- d) Enfermidades causantes por fungos, bacterias, virus...

42) Cal das seguintes respostas non se considera un método de control de pragas e outros axentes nocivos usado habitualmente no ámbito forestal?:

- a) Rareos (*clareos*).
- b) Cortas.
- c) Vixilancia periódica.
- d) **Medición de alturas.**

43) Que é un tratamento con funxicida cúprico?

- a) É un tipo de enfermidade do castiñeiro.
- b) É un tipo de poda en altura.
- c) **É unha formulación especial a base de cobre.**
- d) É unha formulación especial do marco de plantación.



44) Unha das formas máis sinxelas de evitar accidentes será o establecemento dunhas condicións de orde e limpeza da seguinte forma:

- a) Os materiais e resto de escouras agruparanse para a súa eliminación ao final do día, eliminalos segundo se van producindo resultaría unha perda de tempo.
- b) Os materiais e obxectos poderanse almacenar nas zonas de paso, sempre que non estean asignadas como vías de evacuación para casos de emerxencia.
- c) **Asignarase un lugar para cada obxecto ou ferramenta, onde se atopará sempre que non se estea a utilizar.**
- d) Establecerase un día cada semana para a limpeza.

45) En caso de sufrir un accidente grave durante a xornada laboral:

- a) Non avisaremos a ningún superior, é mellor que non saiban nada para que non se poñan nerviosos.
- b) Marcharemos correndo a casa.
- c) Teremos que seguir traballando, non podemos recibir asistencia.
- d) **Teremos que ser trasladados ao centro asistencial máis próximo.**

46) Cando se manipulan cargas:

- a) **Nunca se debe virar o corpo mentres sostén unha carga pesada.**
- b) Hai que dobrar as costas para erguelas.
- c) Hai que mantela o máis afastado posible do corpo.
- d) O peso máximo de manipulación é de 50 kg.



47) Mantemento da motoserra:

- a) **Débase comprobar periodicamente o funcionamento do freo da cadea.**
- b) Non é necesario a limpeza de filtros, nin o mantemento periódico da motoserra.
- c) Non fai falla afiado. Veñen cun mecanismo de afiado automático.
- d) Os filtros teñen que limparse unha vez ao ano.

48) No traballo de roza manual con motorrozadoira, hase de manter unha distancia de seguridade respecto de calquera persoa de:

- a) 1 metro.
- b) 5 metros.
- c) **15 metros.**
- d) 20 metros.

49) Respecto do protector da folla da motorrozadoira manual:

- a) É para previr danos aos obxectos no transporte.
- b) **Hai que comprobar o seu correcto estado e posición antes de iniciar o traballo.**
- c) Hai que quitalo antes de empezar o traballo.
- d) É un accesorio opcional.



50) A valoración primaria ao accidentado consiste en analizar a situación de:

- a) Consciencia.
- b) Respiración.
- c) Hemorraxia.
- d) **Todas as anteriores son correctas.**

51) Non constitúe un deber do traballador en materia de prevención de riscos laborais:

- a) Utilizar correctamente medios e equipos de protección.
- b) Utilizar correctamente os dispositivos de seguridade.
- c) Informar inmediatamente ao seu superior xerárquico e os outros traballadores designados para as tarefas preventivas, de ser o caso, de todas as situacións de risco que detecten.
- d) **Deseñar un plan de autoformación en materia de prevención.**

52) Constitúe unha medida preventiva en materia de control de pragas lavar a zona da pel afectada por un produto fitosanitario:

- a) Durante 1 minuto.
- b) **Durante máis de 10 minutos.**
- c) Durante 1 hora.
- d) Non se lava a zona afectada.



53) En caso de hemorraxia:

- a) **Colocaremos un pano, tea, etc... o máis limpo posible sobre a ferida e aplicaremos presión.**
- b) En caso de detectar a hemorraxia na axila ou a ingua procederase á realización dun torniquete.
- c) Subministrarase líquido, por vía oral, para hidratar o accidentado.
- d) Frotarase con forza a parte afectada.

54) Manexo da motoserra:

- a) A motoserra débese agarrar cunha soa man en situacións de difícil acceso.
- b) **O método de arranque con menor risco é coa motoserra no chan.**
- c) Non fai falla o emprego de protectores auditivos no manexo da motoserra.
- d) A forma correcta de arranque é coa motoserra no aire.

55) Cando non sexa posible a eliminación dun risco de forma colectiva utilizaranse os equipos de protección individual...:

- a) Sendo obriga do traballador a súa compra e utilización en todas aquelas circunstancias en que lle parezan necesarias.
- b) Sendo obriga do traballador tirar os equipos de protección individual e non substituílos.
- c) Sendo obriga do traballador reparar el mesmo os seus equipos de protección individual.



- d) **Sendo obriga do traballador utilizar, coidar, gardalo no lugar indicado e informar da súa deterioración para a súa substitución.**

56) Para unha correcta realización das operacións de roza:

- a) A corta débese facer achegando a ferramenta aos pés e ás pernas
- b) Nas actividades de roza debe empregarse a máquina máis pesada e a barra de guía máis longa posible.
- c) **Mentres se traballa coa motorrozadoira non deberá haber persoa ningunha ou obstáculos a unha distancia inferior a 15 metros do radio de acción da máquina.**
- d) As operacións de roza, ao ser actividades ordinarias, non requiren de medidas de prevención especiais.

57) Durante o manexo da motorrozadoira manual deberase ter en conta:

- a) Pódese fumar durante as operacións de repoñer combustible.
- b) Non pasa nada por desprazarse polo monte co motor en marcha.
- c) As pernas débense manter ben xuntas durante o manexo do equipo.
- d) **Non debe tocarse a folla co motor en marcha.**

58) A motoserra deberá dispoñer algún dos seguintes dispositivos:

- a) Un interruptor que poida manexarse coa man esquerda, con luva, no acelerador.



- b) **Un sistema antivibratorio, consistente en amortecedores de goma entre o bloque do motor e as empuñaduras.**
- c) Un mando a distancia.
- d) Non fai falla que leve paragolpes.

59) Manexo da motoserra:

- a) **Durante o manexo da motoserra é necesario manter unha posición estable.**
- b) Pódese traballar con calquera EPI de calquera traballo, sexa ou non forestal.
- c) Nun terreo inclinado, os operarios deben traballar por debaixo da peza que se está a cortar.
- d) Resulta indiferente a altura a que se manexe a motoserra.

60) En relación á suspensión do traballo:

- a) Nunca se suspenderá a causa das inclemencias do tempo.
- b) Cando xurdan perigos inesperados consultarase o supervisor, pero non se suspenderá nunca o traballo.
- c) **Suspenderase o traballo, e consultarase ao supervisor competente sobre o modo de actuar, cando xurdan perigos inesperados, ou non se poida realizar a tarefa nas debidas condicións de seguridade.**
- d) Suspenderase a causa da escuridade sen comunicar nada nin adoptar medidas.



PREGUNTAS DE RESERVA

1) Cal é a fase de traballo nun aproveitamento forestal?:

- a) Reunión, carga e corta.
- b) Corta, saca e transporte.**
- c) Carga manual, medición e corta.
- d) Descarga, medición e corta.

2) Cal das seguintes máquinas non é usada habitualmente no sector forestal?:

- a) Retroaraña.
- b) Tractor de rodas.
- c) Procesadora.
- d) Esparexadora de xurro.**

3) Cando falamos dunha praga, entendemos:

- a) Que é un asolagamento dun cultivo.
- b) Que é un organismo nocivo de calquera especie, raza ou biotipo vexetal ou animal ou axente patóxeno daniño para os vexetais ou os produtos vexetais.**
- c) Que é un axente químico.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

4) Amoreado de produtos e recipientes:

- a) As garrafas amorearanse unhas enriba doutras, sen bastidores apropiados nin compartimentos especiais.



- b) Os bidóns débense amorear de pé, co tapón cara a arriba. Antes de comezar a seguinte fila estenderanse sobre a primeira unhas pranchas que lles sirvan de protección e soporte.**
- c) Os tubos, barras e outros elementos lineais amorearanse sen elementos entre eles para evitar o bloqueo.
- d) O amoreamento de produtos ou recipientes efectúase sempre igual, sen atender ao tipo de produto ou recipiente.

5) Que se entende por "loita integrada" ?:

- a) Non actuar.
- b) Deixar actuar á propia natureza se intervención humana.
- c) A aplicación racional dunha combinación de medidas biolóxicas, biotecnolóxicas, químicas, de cultivo ou de selección de vexetais.**
- d) Podar integramente unha árbore.